




“Se os lobos falasen...as persoas ouveariamos”, de Santiago Bas López, recolle historias e vivenzas do animal máis emblemático de Galicia

O biólogo e cazador pontevedrés Santiago Bas López decidiu recoller nun libro todo canto leva aprendido sobre o lobo ao longo dos anos, tanto dende as súas propias vivenzas como biólogo adicado a estudar este animal, como dende as historias que lle foron contando e achegando dende a súa infancia.

Mesturando a maxia dos contos e historias cos trazos biográficos duns estudantes de bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela que dan os seus primeiros pasos tras un dos animais máis emblemáticos da fauna galega, o libro achéganos unha ampla visión deste cánido dende os tempos nos que ninguén se preocupaba pola situación.

Contos, historias e anécdotas vividas en primeira persoa enchen as páxinas de “Se os lobos falasen...as persoas ouveariamos” que publica a Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE) e que xa está dispoñible en librarías de toda a comunidade.



Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com